

O XOU MAS GOU ON

DIVERTIMENTO COCTEAUIESCO

Eva Freixeira Ferreira

Finalista

PERSONAXES

V1

V2

A EQUILIBRISTA

O ESCRITOR

O espectáculo aínda non comezou. Dúas voces a falar en voz baixa. De fondo, óese o murmurio das últimas persoas que chegan e van ocupando os seus sitios. Hai músicos afinando os seus instrumentos. Soan ventos. Trombóns, trompetas... Alguén toca tamén un xilófono.

V1: Xa están todos?

V2: Non, aínda faltan.

V1: Será pola chuvia?

V2: Hoxe non chove!

V1: Non, pero podería chover. Onte, sen ir máis lonxe, choveu.

V2: Non choveu tal.

V1: Tal choveu.

V2: Pero viñeron moitos.

V1: Non viñeron tal.

V2: Pero non facía frío ningún. Poderían ter vido.

V1: Poderían, si.

V2: Se non chovera tal.

V1: Se non chovera. Si.

Silencio

V2: Por aí vén outro!

V1: Velaí un excelentísimo señor!

V2: E a súa excelentísima señora!

V1: Collida do seu excelentísimo brazo.

V2: Do seu brazo, de seu, excelentísimo.

V1: Seguidos da súa excelente recua de fillos.

V2: Fortes. Ben alimentados, por certo que si.

V1: O xarope de castiñeiro é un alimento moi completo.

V2: Moi completo. É *(Pausa)* Sérveme outro *shot*.

V1: Pum! Pum!

V2: Aaaaah! Matáchesme!

V1: Como dis?

V2: Que me mataches!

V1: *Desolé.*

V2: Como dis?

V1: Que estou desolado... O ESPECTÁCULO debe comezar!

Escoitamos unha musiquiña leda e animada, como de circo, feira, espectáculo de rúa... Talvez Erik Satie: a música composta para Parade, de Jean Cocteau. Talvez algo de Nino Rota para os filmes de Federico Fellini. Talvez música balcánica, do estilo de Goran Bregovic e os filmes de Emir Kusturica.

V2: Señoras: aos seus pés.

V1: Señores: aos pés das súas donas.

V2: Pés: aos pés dos seus pés.

V1: Extremidades todas...

V2: Inferiores...

V1: Superiores...

V2: «Maisimilares»...

V1: «Occipentales»...

V2: A función...

V1: Vai a comezar!

V2: Agarda! Podo contar un chiste?

V1: Conta.

V2: Pois é dun home que vai xunto dun director de orquestra e lle di: Desculpe, non precisarán dun violinista? «Non», contéstalle o director. E o home sae voando pola xanela.

Óese un golpe de batería, como cando alguén fai unha brincadeira nun espectáculo de monólogos.

V2: Entendiches? O home, non era un home. Era un elefante!

V1: E como é que voaba?

V2: Porque non levaba chapeu! Ha!

V1: Ha, ha, ha!

De novo a música frenética, que irá aumentando en intensidade até rematar nun «chim-pum» final.

V1: (*Tusindo, como aclarando a gorxa*) Ehem, ehem!
E dirán vostedes: onde estamos?

V2: Iso, iso, onde estamos? Dirán vostedes.

V1: Onde estamos?

V2: (*Como pedindo rescate*) Estamos aquí!

V1: Aquí? Por que? «Aquí», onde?

V2: Estamos AQUÍ! (*Buscando asegurarse*) Aquí, onde?

V1: Onde vai ser? Onde temos que estar? No lugar máis
AZUL do mundo!

V2: No máis... (*Como creando intriga*) da-da, da-da, da-
daa... Laranxa!

V1: No máis vermello dos vermellos! (*Poñendo a voz
dun adulto que fala cun cativo*) Oh! Por alí vén
unha formiga!

V2: Corre, corre... Xa estamos no curuto!

V1: Á dereita! Á esquerda! Non me encontro!

V2: Aquí, aquí! Á beira da estrada!

V1: (*Con voz cavernosa, como facendo eco*) Aquí...
Dentro da vervenzaaaa...

V2: (*Con decisión*) No medio... (*Con desolación*) da sea-
ra. (*Choromicando*) Sniff, sniff! Quero saír!

V1: (*Facéndose o interesante*) Na estrada da costa.

V2: Si! Xa podo sentir o vento! (*Arroutado*) Vaiamos
ver os cons! Lévame, lévame! Vai!

V1: Desculpe, é vostede auténtica?

V2: (*Imitando a voz dunha vella*) Son, son.

V1: Auténtica... de por aquí?

V2: (*Seguindo co xogo*) De por aquí, de por aquí.

V1: E, diga, imos ben para o fondo do mar?

V2: (*Aínda facendo de vella*) Todo recto. Non ten perda.

V1: Como di? Todo recto! Sendo así... terei que apertar o cinto!

V2: Tomaches o comprimido?

V1: Tomei. Serei un cadáver exquisito!

V2: Mmm! Non sei se poderei resistirme! (*Facendo ruído coma quen conduce un coche a toda velocidade por unha estrada chea de curvas*) Brrrrrr! Fiiuuun! Fiiuuun! (*Percatándose da presenza de alguén, facendo ruído de freazo*) STOP. Precaución... Quen é ese?

O ESCRITOR: (*Voz de fachendoso*) Ah! Permita que me presente. Son un escritor de primeira.

V1: De primeira? Como “de primeira”? De primeira, primeira?

V2: De primeira primeira primeira primeira primeira etcétera etcétera?

O ESCRITOR: De primeira, *primeira*. As miñas obras son recoñecidas ao ancho país.

V2: Pois mire que o país, moi ancho non lle é...

O ESCRITOR: A arte non ten medida.

V1: Ande, ande, non estorbe. Vaia para esa esquina e estéame calado.

O ESCRITOR: Quixera dicir unhas palabras.

V1: Acompañámolo no sentimento. Desculpe se non o abrazo. Quen vén agora?

V2: *(Falando polo baixo)* Mírao no guión.

V1: No guión? *(Agora berrando)* Aquí non temos guión! Luces! Música! Cada NOITE é diferente! MÚSICA, dixen!

Óese outra volta a música animada. Como antes, sonará durante uns segundos e deixará de facelo con brusquidade.

V1: Veñan, veñan! Cada noite é diferente!

V2: Cada noite MORRE unha rapaza fermosa!

V1: Pasen e gocen! Quen ofrece máis! *(Dando a orde)* Que entre a rapaza!

V2: Que entre a rapaza!

V1: Meu Deus! Que rapaza! Que perfección! Que deleite...! Muller tan loura, tan alba, tan... *(Excitado)* tan... *(Cada vez máis)* tan... tan... tan...

V2: “Porcelánica”!

V1: *(Aliviado)* «Porcelánica», si señor! Verdadeiramente «platónica»! Poden imaxinar como fala alguén tan belo? Saiamos de dúbidas. escoitemos a súa voz! *(Dirixíndose á moza)* Anxiño, como se encontra vostede?

A EQUILIBRISTA: Pois, verá... algo indisposta, a verdade.

V1: A verdade? Verdadeiramente... *a verdade?* Como «indisposta, a verdade»? Non quererá recuar agora? Saberá que...

A EQUILIBRISTA: Penseino mellor.

V1: (*Indignado*) Pensouno! (*Facéndolle burla*) Ai, si?
E quen lle dixo que podía pensar? (*Cabreado*) Non
lle pagamos para que pense!

A EQUILIBRISTA: Pois non. Mais eu preferiría...

V1: Preferiría? Preferiría nada! (*Cheo de razón*) Tamén
eu preferiría non ser unha voz!

V2: Ou unha torta chea de avésporas!

V1: Ou unha torta chea de avésporas. Ben seguro. Pero a
vida élle así. Un días arriba, outros abaixo...

V2: Quen moito abarca pouco aperta...

V1: Non hai mal que por ben non veña...

V2: (*Embalado*) A cada Xanciño... lle toca o seu...

V1: Nabo! (*Poñéndose serio*) Suficiente! Que vai ser
isto? Que vai pensar a nosa audiencia?

V2: (*Tristeiro*) Pensarán que lles facemos perder o tempo.

V1: E cal é a nosa máxima expresión?

V2: (*Con solemnidade*) «Tempus aurum is».

V1: Ou o que é o mesmo...

V2: A quen madruga, Deus lle axuda...

V1: Can ladrador, pouco mordedor...

V2: Non por moito madrugar...

V1: Suficienteeee! Que salte dunha vez!

V2: Iso, que salte!

De fondo, óese un murmurio: «Que salte, que salte!»

V1: Ouvia vostede? Láncese dunha vez, antes de que o
noso patrocinador emigre. (*A V2, en ton confiden-*

cial) Porque o dos (torcendo a boca, como quen non quere que se lle entenda) cartos... segue dando (Óese o son dunha caixa rexistradora) «clin, clin» ...Non é?

V2: É. Moitos cartos. Sen facer preguntas.

V1: *(Reflexivo)* Nada de preguntas. Iso está ben. O de hoxe será un espectáculo de primeira! Que corra o sangue da doncela! Escoitemos o típico redobre de tambor!

Escoitamos, efectivamente, o «típico redobre de tambor».

V1: Observemos á típica rapaza!

V2: Observemos á típica rapaza!

V1: Aproveitemos para quitar a braga do cu!

V2: Aproveitemos... *(Puntualizando)* É dicir, que aproveiten os que teñan cu!

V1: E preparémonos... Si señor!

V2: *(Con voz marcial)* Señor, si!

Novo redobre de tambores.

V1: E velaí vai! A nosa pombiña! Cruzando o ceo con «doncelura»! Unha execución perfecta! Nin un fallo! A audiencia brama entusiasmada! *(Escoitamos un «oooooh» da audiencia entusiasmada)* Bravo! Bravissimo! *(Á rapaza)* Siga, siga. Aguante un pouco máis! Aguanteeeeee!

Mentres falan, de fondo, escoitamos os rúidos «típicos» dun número circense, tales como pequenas ovacións do público, algún acompañamento instrumental, aplausos... etc

V2: *(A V1, en ton confidencial)* Cres que chegará até o final?

V1: Claro que chegará. Xógoche o que queiras.

V2: Déixasme que che explote un gran?

V1: Deixo. Quérelo con pus?

V2: Con pus! Con pus!

V1: Eu tamén os prefiro.

V2: E, se ao final non morre? Que vai dicir a xente?

V1: Dirán que lles tomamos o pelo. Que lles devolvamos o prezo do billete.

V2: E se morre?

V1: *(Imitando a voz dunha crianza)* PAPÁ, PAPÁ: TEATRO!

V2: Papá, papá?

V1: Ou mamá, mamá!

V2: Ti cres?

V1: Creo. A ilusión dunha criatura vale máis que unha trompa de Falopio.

V2: E de dúas?

V1: Dúas trompas?

V2: Dúas criaturas!

V1: *(Reflexionando)* Hum! Dúas criaturas, unha muller, unha morte violenta... «Medea», talvez? Estaste a poñer «estupendo»?

V2: E terás algo que dicir...

- V1: Digo e afirmo que este é un espectáculo PARA TODOS OS PÚBLICOS. Aquí non hai mulleres cos peitos ao aire.
- V2: Pero hai mulleres...
- V1: Hai.
- V2: E hai peitos...
- V1: Hai.
- V2: Peitos... polo aire.
- V1: Peitos polo aire... Correcto.
- V2: Peitos polo aire de mulleres polo aire.
- V1: Polo aire. Stop. Mulleres. Stop. Peitos. Stop. (*Pausa. Colle aire e comeza a falar aceleradamente*) Peitos de mulleres de mulleres polo aire polo aire de mulleres polos peitos polo aire as mulleres polos peitos polo aire das mulleres das mulleres polos peitos polo...
- V2: Abonda! Xa o entendo.
- V1: É un bo sinal.
- V2: É un sinal como outro calquera. E o corpo? Que faremos con el?
- V1: Obra social.
- V2: Así de sinxelo?
- V1: Así mesmiño. Atende.
- V2: (*Emocionado*) Vasme dar unha aperta?
- V1: (*Ofendido*) Unha aperta? Quen, eu? Que ti e mais eu...? E mais ti e mais min...? E máis...? (*Con noxo, como caendo na conta*) Aagh! (*Cambiando de pare-*

cer) Eh? (*Meditando*) Hum... (*Como quen fai unha descuberta*) Aaaah! Si, si! (*Conciliador*) Logo, logo... (*Poñéndose serio*) Pero agora, ao noso. Concentrémonos! Xa vén o salto final! Se non o fai agora, a atención esmorecerá.

V2: Non será doado volver a conquistalos!

V1: Teremos que facer o NUNCA visto!

V2: O nunca ouvido!

V1 E V2: Teremos que... (*Con desesperación*) matala nós mesmos!!

V1: Sería un exquisito cadáver!

V2: Un magro bocado.

V1: Un fraco favor.

V2: Eu facíalle un bo guiso!

V1: Cala, cala. Xa podo cheiralos... E que diría a audiencia?

V2: (*Imitando o acento francés*) «Bon appetit»?

V1: «Bo proveito!»

V2: (*Imitando o acento italiano*) «Buon appetito!»

V1: «Gutten...» Abonda! Escribín unhas liñas para o futuro cadáver.

V2: Escribiches?

V1: Escribín.

V2: Escribiches!

V1: Escribín!

V2: Escribiches?

V1: Escribín.

V2: Escribiches?

V1: (*Anoxado*) ESCRIBÍN!

Silencio

V2: (*Con medo, falando baixiño*) En... En maiúsculas?

V1: (*Excitado, mais tamén en voz baixa*) En maiúsculas!

V2: (*Aínda en voz baixa*) Pois... Pois dálle... (*Agora tamén excitado*) Dálle logo.

V1: Pois dille así: (*Aclarando a gorxa ruidosamente, logo lendo con voz de salmo. De fondo óese unha especie de marcha fúnebre*)

«Nunha noite coma oxe, falceceu, enriba do escenario, nin cedo nin tarde, senón no momento preciso, unha nova HEROÍNA da nosa Arte milenaria. Alguén que deu a súa vida, *sine die*, pola máis elevada causa que unha persoa pode perseguir: manter viva a arte das artes, a imitación da vida, a máxima expresión, o queixo co marmelo... O teatro!»

(...)

«Unha nova MORTE que, como cada noite, aquí e agora, irrepitible, irredutible, inenarrablemente, nos reafirma nas nosas crenzas, lembrándonos que todo é posíbel, que cada día, cada noite, é diferente. Que sempre é diferente. Porque iso é a vida! ISO É O TEATRO!»

V2: Bravo! Bravo! Aí falaches! Es un poeta!

V1: En realidade, non son máis que unha voz.

V2: (*Razoando*) Ergo, unha voz... poética!

V1: Radiofónica, de feito. Confío en que a morta saberá estar á altura.

V2: *Na altura* xa está... Miña pobre. Agora si vén o salto definitivo!

V1: *(Ofendido)* Pero, como? Que fai? Está baixando. Que pensa que...?

V2: Será un golpe de efecto. Un deus deses que fan de *machina*.

V1: *(Indignado)* Vou falar coa Dirección! Isto non se pode tolerar.

V2: Que pensará a «profesión»? Que falta de ética!

V1: E vén cara a nós! Aínda terá algo que dicir! *(Pausa)* Mociña. Onde cre que vai?

V2: Precisa dunha aperta? *(Como quen vende peixe no mercado)* Apertas gratis! Apertas!

A EQUILIBRISTA: Marcho. Non o autor máis.

V1: Como «marcho»? No seu contrato di que...

A EQUILIBRISTA: Rompín o contrato!

V1: Pero, como? Como vamos explicarlle isto ao público? Aí fóra o mundo enteiro agarda por vostede. Non os oe? O espectáculo TEN que continuar... *(Desesperándose, buscando argumentos)* E que...? E que non coñece o de que o «xou mas gou on»...? É o noso oficio! Hai moito en xogo. Non o ve? Imaxine que hoxe os defraudamos! Talvez non volverían mañá. Talvez non volverían ao outro día, e así até a fin... E despois... esta xente falaría con outra xente, que tampouco quereda vir. *(Desconcertado)* Non o entende? E se non volven? Que fariamos nós? *(Acu-*

sador) Poderían non volver NUNCA MÁIS! E que habíamos facer NÓS?

A EQUILIBRISTA: E a min que me conta? Os saltos mortais non veñen no convenio.

V1: O convenio? Que é o convenio en comparación coa arte, co aquí e agora, co...?

A EQUILIBRISTA: Mire, que marchou, e punt. Non me van convencer.

V1: E a súa sensibilidade artística? Sería unha morta marabillosa. Unha morta... SUBLIME!

A EQUILIBRISTA: O «sublime» tampouco ven no convenio.

V1: A quen lle importa o convenio? Somos artistas!

O ESCRITOR: (*Achegándose*) Aí falou! Non llo dicía eu? A arte é...

V1: Nabos! Xa está vostede rosmando outra vez!

O ESCRITOR: Un creador debe...

V1: Que cale! (*Insultándoo*) Vacaloura!

O ESCRITOR: Ah! Vacaloura! (*Como nun xogo de memoria*) «Vacaloura» era... *Lucamus cervus!*

V1: Paporrubio!

O ESCRITOR: Esa tamén a sei! *Erithacus rubecola!*

V1: Gato bravo!

O ESCRITOR: *Felis sylvestris!*

V1: Pita do monte!

O ESCRITOR: *Tetrao urogallus!*

V2: «Tetrao»? (*Deletreando cada letra*) T-E-T-R-A-O...?

V1: (*Seguindo co seu xogo*) Raposo!

O ESCRITOR: *Vulpes vulpes!*

V2: «Tetrao»... «tretao»... «tatroe»... «trantrán»... teaa-aa...troooo... «tro-tro»... “te-te”...

V1: «Teatro», papón! TE-A-TRO!

O ESCRITOR: (*Ofendido*) Papón? Papón, eu?

V1: Vállame Deus, non. Vostede... Vostede... «gaivota»! Gaivota... patiamarela!

O ESCRITOR: *Larus fuscus*... Ha, ha! Non! Non! Non! *Larus ridibundus*... Non! *Larus... cachinnans!* Iso é! *Larus cachinnans.*

V1: Animal!

O ESCRITOR: Animal, non. Profesional da palabra.

V1: «Palabras, palabras, palabras...»

O ESCRITOR: Xa o din as Escrituras: «Ao principio foi a...»

V1: A MULLER! Onde vai a muller?

O ESCRITOR: Teño que dicir...

V1: Que cale!

O ESCRITOR: É preciso que eu...

V1: Cortádelle o son!

O ESCRITOR: Piedade! O meu capital por un micrófono!

V1: Agarde. De canto falamos?

O ESCRITOR: De millóns.

V1: Millóns de que? (*Burleiro*) De que? De que? De que? De que? De que? De que? De que? De que? De estrelas? (*Espe-*

cie de aparte) De estrelas, claro! Olla que é lindo!
El tamén leu «O Principiño»!

O ESCRITOR: Se vostede o di...

V2: Claro que o digo! «O Principiño». Con ilustracións do autor. Ese Señor Galo. (*Facendo ruído de galo*) Co-co-ro-coo! Fermosas acuarelas. Xa me lembro. Como se chamaba o planeta? (*Aclarando a gorxa*) Ahem, ahem! (*Poñendo voz de picariño*) «Cando eu tiña seis anos vin un debuxo dunha serpe a comer nun elefante...» (*Con voz burlona*) Sentimental! Papón! (*De novo facendo de neno*) «As persoas maiores son DECIDIDAMENTE moi estrañas...» (*Agresivo*) «Fortimbrás!», «Logopéstico!»

O ESCRITOR: Insisto: teño un grande capital...

V2: Capital! Capital! Capital! Tal! Tal!

V1: (*Outra volta como nun xogo*) Partimpín, capital...
Rosmanón!

V2: Outra! Outra!

V1: Angoar, capital... Grensoane!

V2: Máis unha! Máis unha!

O ESCRITOR: Estimados colegas! Tómenme en serio!
(*Dándose importancia*) O meu capital é rico en palabras.

V1: Ha! En palabras, di? Palabras! Vaiche boa! «Guords, guords, guords»... Iso é todo? Palabras? Palabras contadas por un tolo! Non é? Será... «octipétalo»!
Cortádelle a lingua!

Ruído de algo afiado que cae desde o alto, como un machete nunha táboa de cortar carne.

V1: Gocemos dun intre en SILENCIO.

(Silencio. De fondo, o V2 imita en voz baixa o tictac dun reloxo)

V1: Abonda! *(Como nun mitín político)* Non queremos máis silencio!

V2: Silencio! Non, non! Silencio, non! Abonda de silencio!

V1: Non queremos máis palabras!

V2: Palabras, non! PALABRAS, non!

V1: Queremos feitos! ACCIÓNS! Non queremos fantasías!

V2: *(Exaltado)* Fantasías, non! Peitos, si! *(Soñador)* Fantasías... Oh!

V1: Que pase a muller!

V2: A muller marchou.

V1: Pois vaina buscar.

V2: Pois vouna buscar. E ti que farás?

V1: Falar.

V2: Como «falar»?

V1: *(Poñendo diferentes voces para cada palabra)* Falar falar falar falar falar falar... *(Como xogando a distorsionar a súa propia voz)* Fala-a-aa-a-aaa-aaaaar! Falar!

V2: Pero, non era que non queriamos palabras?

V1: *(Despectivo)* Inocente!

V2: Polo menos vocaliza.

V1: Dádeme un micrófono: *(Aclara a gorxa e ponse a ler con voz sedutora)*

«Resulta evidente que a tarefa do poeta non é dicir o que sucedeu senón o que pode suceder e mais as cousas posibles por verosimilitude ou necesidade lóxica. Aplicado á comedia, este principio resulta evidente, xa que os poetas, tras compoñeren o argumento dramático de acordo coa verosimilitude, engaden como soporte uns nomes calquera e non se ocupan dos individuos particulares...»

Xa chegou? Cancelamos ou non? Non hai resposta. O.k. Continúo.

«Na traxedia, en cambio, atéñense a nomes que existiron. A causa é que o posible é crível, pois o que non sucedeu non cremos á lixeira que sexa posible, mais o que sucedeu EVIDENTEMENTE é posible, pois non tería sucedido se fose imposible».

V2: Aquí está! Encontreina!

V1: Óptimo! Todo arranxado. Que vai para o seu sitio!

V2: Di que quere falar con nós.

V1: (*Desprezativo*) Falar, falar...

V2: Di que quere facelo *hic et nunc*.

V1: «Hic et nunc»...! Madia leva!

V2: Di que ou falamos ou non salta.

V1: *Verbum verbi*... Era da segunda...?

V2: Di que...

A EQUILIBRISTA: Abonda! (*Con sinceridade*) O que digo é que non quero morrer! Non o entenden? Eu quero... VOAR! Namoriscar o vento! Subir ao miradoiro cada noite! Abanearme, lanzar bicos ao nordés... Voar! Voar! Voar! Quero vivir no aire! Cada noite será DIFERENTE!

V1: Diso falabamos antes...

V2: Non podemos defraudalos...

V1: A tradición é a tradición...

V2: Os elefantes, elefantes son...

V1: Miles de anos nos anteceden...

V2: Centos de ollos nos observan...

V1: E terá que estar á altura...

V2: Terá que convencer...

VI E V2: Terá que convencernos!

A EQUILIBRISTA: Déixenme intentalo.

V1: E se non o logra?

A EQUILIBRISTA: Intentareino outra volta.

V2: E se fracasa?

A EQUILIBRISTA: Volvereino a intentar.

V1: E se, aínda así, non aplauden?

A EQUILIBRISTA: Se volven cadanoite, serei feliz.

V1: E como saberemos se han volver ou non?

A EQUILIBRISTA: Non o saberemos.

V1: E como saberemos que vostede ha volver...?

V2: Cada noite!

A EQUILIBRISTA: Non o saberán. Pero volverei.

V1: *(Recitando, en ton monótono)* Fin do diálogo. Escena final. Onde a rapaza asume o seu destino trágico e se lanza...

V2: (*Chamándolle a atención*) Psst, Psst!

V1: O seu... destino trágico e se lanza en brazos da morte, seguido por un breve epitafio onde se explica brevemente a diferenza entre...

V2: Ei! Atende!

V1: Entre a morte por auga, a morte por asfixia e a morte por amor nos personaxes femininos na Historia da Literatura dramática universal. Punto. A intervención...

V2: (*Facendo que tuse*) Ehem, ehem!

V1: A intervención correra a cargo do «Escritor sen lingua», anteriormente coñecido como «O Escritor», sen máis títulos. Abstéñanse os duros de ouvido e os «tres de corazóns». (*Dirixíndose a V2*) Que queres?

V2: Que te trabucaches. Que non é *ese* final. Ese é o «final vermello». O trágico.

V1: E cal facemos logo?

V2: Pois o «final azul»! Cal habiamos facer? Lémbraste?

V1: O «final azul», claro. Aquí o teño. E di así:

«Escena final. Cada noite será diferente.»

V2: Como? Xa está? Iso é todo?

V1: É.

V2: E non explican nada?

V1: Din que cada noite será diferente.

V2: Iso foi o que nos dixo ELA.

V1: Pois haberá que crela. Aí está xa. Mira para ela.

V2: É tan bela... como a Vitoria de Samotracia!

V1: Non compares, esa é un croio.

V2: Quererás dicir unha pedra. Pensas que fomos demasiado duros?

V1: Non.

V2: Pensas que fomos demasiado febles?

V1: Uvas con queixo saben a beixo.

V2: Non che preocupa volvérmonos demasiado sentimentais?

V1: Ti mira, cala... e goza.

V2: Gocemos, pois.

V1: (*Dirixíndose á audiencia*) Meus caros...

V2: Miñas caras...

V1 E V2: O espectáculo vai comezar!

Música de feira, circo, etc, como antes...